



CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE ADMISIÓN E EXCLUSIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, DE TRES OPERARIOS/AS DE SERVIZOS MÚLTIPLES (OEP 2022 E OEP 2025).

Examinada a documentación presentada polas persoas aspirantes ao proceso selectivo para cubrir tres prazas de Operarios/as de Servizos Múltiples como persoal laboral fixo, mediante concurso-oposición, quenda libre, de acordo coas bases aprobadas e publicadas no BOP do 17 de xaneiro de 2026, apróbase a seguinte lista provisional de admisións e exclusións:

ADMISIÓN:

APELIDOS E NOME	DNI
BERMUDEZ LÓPEZ, OSCAR	***8263**
BLASCO DÍAZ, LUIS ALBERTO	***6476**
DIAZ FRAGA, JOSE LUIS	***3593**
DOCE VEGA, OSCAR	***3757**
FOLGUEIRA GONZÁLEZ, ANTONIO	***0498**
GARCIA INSUA, ROBERTO	***8069**
GONZÁLEZ NOGUEIRA, RICARDO	***7262**
LANZA VARELA, JUAN CARLOS	***9424**
LOPEZ LOPEZ, JAVIER	***2397**
LOPEZ MARTÍNEZ, JOSE BENITO	***9387**
REGO PEREZ, CONSTANTINO	***9741**
RIAL LOPEZ, DOROTEA	***9502**
RUBIO PACIOS, SERGIO	***2238**
SANCHEZ GARCIA, JOSE ANTONIO	***5454**
SANTOS ACEBEDO, CRISTINA	***5224**
UZ RODRIGUEZ, RUBEN	***4374**
VILASECA SANCHEZ, MAXIMILIANO	***1415**

EXCLUSIÓN:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA DA EXCLUSIÓN	SUBSANABLE
BARGUEIRAS LAGO, ANTONIO	***3431**	Non acredita dispoñer do carnet de fitosanitarios	SI

FERNANDEZ RODIL, SERGIO	***9945**	Non acredita dispoñer do carnet de fitosanitarios	SI
GRUÑEIRO IGLESIA, MIGUEL	***7385**	Non acredita dispoñer do carnet de fitosanitarios	SI
LOMBARDIA GANDOY, JORGE	***0308**	Non acredita dispoñer do carnet de fitosanitarios	SI
LOPEZ DIAZ, ANDRES	***5897**	Non acredita dispoñer do carnet de fitosanitarios	SI
MOREDA REDONDAS, JOSE LUIS	***9356**	Non acredita dispoñer de carnet de conducir	SI

As persoas aspirantes omitidas en dita relación disporán dun prazo de dez días naturais contados a partir da publicación deste anuncio no BOP, para presentar reclamación ou subsanar os defectos que motivaron a súa omisión nesta relación. Se no dito prazo non se subsanan os defectos serán definitivamente excluídas da realización das probas.

No caso de non presentarse alegacións ou subsanacións, a lista provisional elevaráse a definitiva.

A Resolución pola que se aprobe a lista definitiva publicárase do mesmo xeito que a provisional, determinando así mesmo o lugar, data e hora de comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinante dos prazos a efectos de posibles impugnacións ou recursos.

Barreiros, 25 de agosto de 2026.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2322

GUNTÍN

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 26 de agosto de 2026, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao terceiro bimestre do ano 2021.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do periodo de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 27 de agosto de 2026 ata o 26 de outubro de 2026. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 26 de agosto de 2026.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 2323

MEIRA*Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 25 de agosto do 2026, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o **3º. bimestre do exercicio 2025**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 25 de agosto do 2026 ao 25 de outubro do 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interporse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 25 de agosto de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2324

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de agosto do 2026, prestou aprobación ao proxecto de Construción de Novo Ponte Metálico no Centro Urbano de Monforte de Lemos e conexión coas rúas Corredoira, Santa Clara e Paseo do Malecón.

Sométese o expediente a información pública durante o prazo de 1 MES, mediante anuncio no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, de conformidade co previsto no artigo 96.3 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Durante o citado prazo, contado a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio poderán formularse as alegacións que se estimen pertinentes.

Monforte de Lemos, 31 de setembro de 2026.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2350

RIBADEO*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 58/2026**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 28/07/2026, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 58/2026 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito pola cantidade de **25.871,39** euros, que se fai público resumido por capítulos:

Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	5.988.238,28	0	5.988.238,28

2	Gastos B. Correntes e Servizos	6.043.549,63	13.860,00	6.057.409,63
3	Gastos Financeiros	65.371,83	0	65.371,83
4	Transferencias Correntes	454.835,72	0	454.835,72
5	Fondo de continxencia	129.477,44	0	129.477,44
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	3.425.988,33	12.011,39	3.437.999,72
7	Transferencias de Capital	845.523,84	0	845.523,84
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	217.603,51	0	217.603,51
Total		17.198.593,64	25.871,39	17.224.465,03
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.914.000,00	0	2.914.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.531.542,70	0	3.531.542,70
4	Transferencias Correntes	5.132.498,46	0	5.132.498,46
5	Ingresos Patrimoniais	12.809,02	0	12.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alieamento de Investimentos Reais	0.00	0	0.00
7	Transferencias de Capital	2.186.256,57	0	2.186.256,57
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.934.847,62	25.871,39	1.960.719,01
9	Pasivos Financeiros	586.639,27	0	586.639,27
Total		17.198.593,64	25.871,39	17.224.465,03

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 26 de agosto de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2325